



A presidenta do Parlamento de Galicia disertou sobre os retos e oportunidades da Cámara, nunha conferencia organizada por *Nueva Economía Fórum*, e na que foi presentada pola presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo, Corina Porro

## **Pilar Rojo: “Un Parlamento forte fai a democracia máis forte”**

- **“A evolución do noso Parlamento é a evolución do autogoberno galego e do afianzamento competencial”**
- **Defende unha Administración parlamentaria “aberta á sociedade, transparente, permeable, e que responda aos principios de neutralidade e tolerancia”**
- **“As novas tecnoloxías, en xeral, e Internet, en particular, son poderosas armas de difusión e visibilización”**
- **Rojo Noguera recorda que “a descentralización acercou os servizos públicos ás persoas”**

**Vigo, 30 de marzo de 2011.-** “Sen dúbida, un Parlamento forte fai a democracia máis forte”, afirmou esta mañá en Vigo a presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, nunha conferencia enmarcada no ciclo organizado por *Nueva Economía Fórum*, na súa *Tribuna Galicia*.

Para Rojo Noguera, “a política como servizo ao ben común é unha actividade imprescindible nas nosas sociedades para mellorar a vida dos cidadáns, tender pontes de convivencia e atopar solucións á crise económica”. O Parlamento constitúe unha “cámara aberta a toda a opinión pública, que sintetiza os valores democráticos de convivencia, pluralismo e tolerancia”.

Presentada pola presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo, Corina Porro, a titular do legislativo galego recoñeceu que os



actuais “tempos axitados, nos que os sistemas políticos en diversas partes do mundo se ven abocados a superar distintos desafíos” tamén afectan a institución parlamentaria.

## Fortalezas

Ao seu xuízo, estes desafíos poden encararse a través dun parlamento “dinámico, áxil e moderno”, nun momento no que a Cámara galega se dispón a celebrar o seu 30 aniversario. “A evolución do noso Parlamento é a evolución do autogoberno galego e do afianzamento competencial”, aseverou.

Así, ante os retos que plantexa o século XXI, a presidenta do Parlamento de Galicia considera que o parlamentarismo continúa ofrecendo “fortalezas” capaces de superar eses desafíos, entre as que enumerou as seguintes:

- **Acercamento aos cidadáns.** “É unha garantía de éxito e un deber moral como responsables políticos”, afirmou Rojo Noguera. Por esta razón, o Parlamento de Galicia está a potenciar as visitas guiadas, organiza desde 2010 unha xornada de portas abertas, acolle actos na súa sede e potencia o achegamento dixital (blogs, debates en directo,...).
- **Transparencia.** “As novas tecnoloxías, en xeral, e Internet, en particular, son poderosas armas de difusión e visibilización. Só deste xeito as persoas se sentirán representadas e superarán a desconfianza que poderían ter cara as Cámaras”.
- **Redefinición das funcións clásicas.** Rojo Noguera considera que hai que esforzarse para mellorar a comprensibilidade do proceso legislativo, nun escenario de austeridade, “o máis eficiente posible”. O Parlamento de Galicia atópase entre os catro máis baratos de España.



- **Novas formas de representación e participación.** As tecnoloxías da información e a comunicación supoñen unha “oportunidade” e ofrecen “axilidade e inmediatez ás demandas orixinadas na base da sociedade”. Para afrontar este desafío, o Parlamento de Galicia xa puxo en marcha un Plan Director que durará toda a legislatura.
- **Política axeitada aos novos entornos.** “É necesario asumir os novos contornos nos que nos situamos: os procesos supra e infraestatais e as realidades multinivel achegan contextos en continuo cambio. O Parlamento de Galicia é moi consciente desta realidade e participa en condición de membro tanto na CALRE (Conferencia de Asembleas Legislativas Rexionais Europeas) como na COPREPA (Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos de España)”. O pasado 8 de marzo, Rojo Noguera asumiu a presidencia da COPREPA.

### **Compromiso coa calidade democrática**

“O noso contrato cos cidadáns salienta a firme intención de afrontar os desafíos futuros que se erguen ante o Parlamento de Galicia, maximizando o compromiso coa transparencia e calidade democrática, coa excelencia e co servizo ao interese xeral”, afirmou Rojo Noguera.

Na súa intervención, a presidenta do Parlamento de Galicia reivindicou tamén a vixencia do Estado das Autonomías. “O sistema autonómico permitiu que España evolucionase democraticamente ata cotas nunca coñecidas”, dixo, para afirmar que “a descentralización acercou os servizos públicos ás persoas”.

### **Balanzo satisfactorio**



A modo de balanço destas tres décadas de existencia da Cámara legislativa galega, Rojo Noguera atopa “sete legislaturas nas que acadamos un alto rendemento institucional, nas que construímos o ordenamento xurídico galego, nas que actualizamos e melloramos a vida das persoas, nas que, en definitiva, tratamos de dar resposta aos atrancos que ían xurdindo”.

“A verdadeira densidade do feito autonómico galego é o resultado do traballo da dita Cámara”, conclúe a presidenta do Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación